

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 31 de MAIO DE 2002**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro venres, día 31 de maio de 2002, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 4/02, correspondente á celebrada o día 3 de maio de 2002.
- 2.- Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 5.600 á núm. 7.699.

Comisión de Cooperación e asistencia ós concellos

- 3.- Aprobación do convenio de colaboración entre o Instituto Nacional da Administración Pública e a Deputación Provincial da Coruña para a creación dun centro de estudos locais.
- 4.- Aprobación do convenio de colaboración para a constitución do Centro de Estudos Locais de Galicia.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 5.- Aprobación do proxecto de terminación da obra “Prazas públicas en Dodro” do Concello de Dodro incluída no Plan 2000 de infraestruturas anualidade 1998. Código 98.3400.0396.0
- 6.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Mercado municipal” do Concello de Mazaricos incluída no Plan 2000 infraestruturas anualidade 1998. Código 98.3400.0453.0
- 7.- Aprobación do proxecto de terminación da obra plurianual “Casa da Cultura en Arca” Pr. do Concello do Pino incluída no Plan 2000 de infraestruturas anualidades 1998 e 1999. Código 98.3400.0569.0.
- 8.- Aprobación do proxecto de terminación da obra “Piscina municipal en Santiago de Lago” do Concello de Valdoviño, incluída no Plan 2000 de infraestruturas anualidade 1998. Código 98.3400.0706.0
- 9.- Aprobación do cambio de obras do Concello de Ares dentro do PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.
- 10.- Aprobación do PLAN XXI DE INFRAESTRUTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002.

Vías e Obras

11.- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2002.

Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

12.- Ampliación do prazo da xustificación de execución das obras do Plan XXI de pequenas obras e subministracións da provincia.

Cultura, Deportes e Xuventude

13.- Concesión da subvención nominativa á Real Academia Galega.

Central - Actas

14.- Proposición da Presidencia: Toma de coñecemento do falecemento do deputado provincial Don José Mosquera Maceiras: Constatación e declaración da vacante.

15.- Proposición da Presidencia: Toma de coñecemento da renuncia do deputado provincial Don Angel López Sueiro: Toma de coñecemento e declaración de vacante.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE MAIO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 31 de maio de 2002, reuniuse a
Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP

DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e oito minutos, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚM. 4/02, CORRESPONDENTE Á CELEBRADA O DÍA 3 DE MAIO DE 2002.

Apróbase a acta da sesión anterior, núm. 4/02, correspondente á celebrada o día 3 de maio de 2002.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 5.600 Á NÚM. 7.699.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 5.600 á núm. 7.699.

3.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A CREACIÓN DUN CENTRO DE ESTUDIOS LOCAIS.

INTERVENCIONES

Sr. Fernández Moreda

Se me permite, agruparía a exposición dos puntos 3 e 4, dado que no primeiro, no 3, é un convenio de colaboración co INAP para a creación dun centro de estudos locais, e o segundo é un convenio de colaboración co EGAP para constituir o Centro de Estudos Locais de Galicia.

(Entra a Sra. Vázquez Veras).

Nosoutros entendemos e loamos a decisión da Deputación de fomentar e facilitar a formación dos funcionarios, porque entendemos que a formación é algo fundamental para o desenvolvemento dos pobos e é o que fai competitivos á sociedade, a formación dos seus cidadáns, neste caso sería a formación dos funcionarios que, indubidablemente, redundará na prestación dun mellor servizo público e unha maior calidade na atención ó cidadán, pero non entendemos cómo se constitúen dous centros de estudos locais, non ten moito sentido, o do Instituto Nacional de Administración Pública carece de personalidade xurídica e de orzamento, máis ben parece unha especie de acordo, de compromiso da deputación co Sr. Rodríguez Arana para publicar na imprenta da deputación os fascículos ou folletos do INAP, ou ben para o uso do Pazo de Mariñán. Non entendemos, sinceramente, non entendemos como se poden crear dous centros de estudos locais, ademais un participado polas catro deputacións, o da EGAP, e outro do INAP, participado ata agora, que se saiba, pola Deputación da Coruña e a Deputación de Ourense, e imos repetir o mesmo, a crear dúas institucións que non vemos cál é a razón e cál é a finalidade.

Vemos ben a iniciativa de favorecer e fomentar a formación dos funcionarios, non nos parece adecuado, non temos ningunha explicación, non sabemos porque se fai, a creación de dous centros de estudos locais coa mesma finalidade. Polo tanto, nosoutros propoñeríamos que se optase por un, en caso de que se optase por un, nosoutros votaríamos favorablemente esa creación, e en caso de que se manteñan os dous, abstémonos.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Unicamente para amosar que os dous convenios, en todo caso, complementáanse, un é máis de ámbito local e participativo do que son as institucións autonómicas, tanto a nivel de deputacións como do que é a Consellería de Xustiza e a propia EGAP, e o outro, eu creo que está claramente definido e claramente proposto no senso de aproveitar toda a canle formativa e toda a experiencia que poida ter a Administración do Goberno do Estado, o que si ó mellor é desexable, ou é posible, que no futuro poidan confluír o que son as experiencias e todo o proceso de formación que poida atesourar o INAP, o Instituto de Administracións Públicas, e que poida colaborar no convenio que se apunta no segundo.

Pero, en todo caso, son coincidentes, e casualmente no tempo, a formalización dos convenios, e entendemos que é unha boa iniciativa que permitirá mellorar substancialmente os procesos de formación e estudo, investigación, charlas e coloquios, que poidan suscitarse. O que si lle teño que amosar é que en ningún caso hai ningún obxectivo para publicar nada en particular do INAP, por exemplo, eu creo que ten un carácter moito máis amplo, é certo que hai, e un dos apartados do convenio, sinalase e apúntase, que debe de formalizarse ou presentarse un proxecto de actuación concreto e conxunta por parte das dúas Administracións, pero en todo caso creo que nos temos que felicitar pola disposición que ten neste caso o INAP, e nosoutros tratar de aproveitar esas enerxías que poidan facilitar, favorecer e colaborar coa propia Administración provincial.

Moitas gracias.

(Entra o Sr. González Garcés).

Sr. Fernández Moreda

Estamos todos de acordo, a formación é boa, e hai que fomentala e favorecela, o que non ten senso é duplicar, crear organismos duplicados, a EGAP, a Escola Galega de Administración Pública, ten convenios de colaboración co Instituto Nacional de Administración Pública. Polo tanto, non ten ningún senso ó noso xuízo, máis, e non o digo como cousa negativa, nin como crítica, é dicir, a deputación ten unhas magníficas instalacións en Mariñán, a deputación ten unha magnífica imprenta, pois ó mellor o que hai aquí é a impresión de folletos do INAP para difundir entre os funcionarios cursos de formación, ou a utilización incluso de Mariñán como sede ou lugar onde se imparten eses cursos de formación, pero iso pódese facer perfectamente sen ter que crear un centro de estudos locais, porque xa se está facendo outro coa EGAP que abrangue as catro deputacións de Galicia e que ten convenios de colaboración co Instituto Nacional de Administracións Públicas. A idea parécenos boa, adecuada, e estaríamos dispostas a votar unha, agora, se son as dúas, ímonos abster porque non nos parece nada serio, sen ánimo de polémicas, obviamente, é expresar unha opinión.

Sr. Varela Rey

Se un convenio é bo, pois dous mellóranos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 19 deputados (15 do PP e 4 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 11 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o “Convenio de colaboración entre o Instituto Nacional de Administración pública e a Deputación Provincial da Coruña para crear un centro de estudos locais” o texto deste figura como anexo ó presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A CREACIÓN DUN CENTRO DE ESTUDIOS LOCAIS.

, de de dous mil dous.

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Jaime Rodríguez Arana Muñoz, director do Instituto Nacional de Administración Pública, nomeado por Real decreto 665/2002, do 5 de maio (BOE do 6 de maio).

E doutra o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Ámbalas partes comparecen en nome e representación das correspondentes institucións e de modo recíproco recoñécense capacidade para formalizar o presente acordo de colaboración, para este efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. O Instituto Nacional de Administración Pública, en adiante INAP, é un organismo autónomo dos establecidos no capítulo II do título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Admón. Xeral do Estado, adscrito ó Ministerio de Administracións Públicas, que conforme ó Real decreto 166/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba o seu estatuto, ten encomendadas, entre outras as funcións de formación, selección e habilitación dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional e o perfeccionamento dos restantes funcionarios da Administración local en colaboración coas respectivas corporacións locais, así como a investigación, estudio,

información e difusión sobre materias relacionadas cos fins institucionais da Administración local. Estas funcións realízanse a través do Centro de Estudos Locais e Territoriais.

Segundo: A Deputación Provincial da Coruña amosou o seu interese por contar coa cooperación do INAP en materia de formación e perfeccionamento de persoal. Ten o seu título competencial en virtude do establecido no art. 36.1a) e b) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por virtude dos cales son competencias propias das deputacións provinciais, a coordinación dos servizos municipais e a asistencia e cooperación, que poden realizarse a través da mellora da formación dos funcionarios destinados nos municipios.

Terceiro: Por tratarse dun asunto de interese común e ante a confluencia de obxectivos que ámbalas institucións teñen, o INAP e a Deputación da Coruña manifestan a súa vontade de constituír un marco xeral de colaboración, mediante a creación dun Centro de Estudos Locais na Deputación Provincial, contribuíndo a potenciar a achega que a formación dos empregados públicos pertencentes á Administración local supón o compromiso de eficacia nas relacións da Administración cos cidadáns e, en definitiva, ó proceso de modernización das Administracións públicas.

En consecuencia, e coincidindo ámbalas partes nos obxectivos expostos, subscriben o presente acordo de colaboración en nome das respectivas entidades, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO

O presente acordo de colaboración ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre o INAP e a Deputación Provincial da Coruña co fin de:

A.-Crear un centro de estudos locais, o cal carecerá de personalidade xurídica, así como dun orzamento propio, e a súa misión será a proposta ás institucións asinantes de actuacións de carácter conxunto, así como o impulso de estratexias e actuacións dirixidas a reforzar a formación dos empregados públicos ó servizo das Administracións locais na dita provincia. O INAP e a Deputación Provincial da Coruña, a resultas das propostas formuladas polo Centro de estudos comprométense a colaborar para a posta en marcha dos cursos, seminarios, coloquios e demais accións formativas dirixidas á consecución da finalidade arriba indicada.

B.-Facilitar a posta en común entre ámbalas partes de coñecementos, experiencias, profesorado experto e material pedagóxico no ámbito da formación de recursos humanos.

C.-Realizar a publicación de estudos ou traballos sobre materias relacionadas cos fins institucionais da Administración local.

SEGUNDA.-ACORDOS ESPECÍFICOS

En desenvolvemento do presente acordo subscribiranse os acordos específicos nos que se establecerán os proxectos concretos de colaboración en que se materialice a actividade do Centro de Estudos Locais. Nestes acordos estableceranse os obxectivos, contido, compromiso das partes, financiamento e calquera outra cuestión relacionada co desenvolvemento do proxecto obxecto de acordo.

TERCEIRA.-ORGANIZACIÓN DO CENTRO DE ESTUDIOS

Constituirase un consello de dirección e un comité permanente, cun procedemento de actuación que se axustará ó disposto no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, coa seguinte composición e funcións:

1.-Do Consello de Dirección formarán parte o director do INAP e o presidente da Deputación Provincial da Coruña, así como dous representantes nomeados por cada Administración e un secretario que será un funcionario da Deputación provincial.

Encoméndanselle as seguintes funcións:

1. Aprobar a proposta do programa de posibles accións que se han realizar, para o seu sometemento ás institucións asinantes.
2. A análise e elaboración dun informe sobre as accións realizadas, valorando os seus efectos e realizando as oportunas propostas de futuras accións.
3. Velar polo preciso cumprimento do acordo.
4. Interpretar as dúbidas que se produzan na execución do acordo e resolver as incidencias que orixine a súa aplicación.

2.-Formarán parte do Comité Permanente dous representantes de cada Administración asinante do presente acordo e un secretario, que será o que o sexa do Consello de Dirección.

CUARTA.-COLABORACIÓN E INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN.

Ámbalas partes comprométense a remitirse mutuamente canta documentación poida resultar dos cursos, seminarios, xornadas, etc., o seu plan de actividades, catálogos de publicacións e, en xeral, a documentación que poida resultar de interese común.

Comprométense a facer constar na distribución e/ou utilización dos materiais didácticos que se soliciten a institución pola cal foron elaborados.

QUINTA.-NATUREZA

O presente acordo de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose na súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico-administrativo, con expreso sometemento das partes á xurisdicción contencioso-administrativa.

En todo caso, conforme co disposto no art. 3.2 do texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, as dúbidas e lagoas que na execución e interpretación do presente acordo puideran presentarse, resolveranse aplicando os principios da citada lei.

SEXTA.-ENTRADA EN VIGOR.

O presente acordo de colaboración entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura por ámbalas partes, e as súas disposicións rexerán por dous anos, prorrogándose automaticamente e por anualidades agás denuncia expresa dalgunha das partes con tres meses de anticipación á data da súa extinción.

SÉTIMA.- GARANTÍA DE ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Non obstante a denuncia do acordo, ámbalas partes comprométense a garantir o cumprimento de financiamento, na forma programada, das actividades iniciadas e non concluídas no momento da extinción do acordo.

Faise constar que este convenio foi aprobado mediante acordo plenario de dous mil dous.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O director do Instituto
Nacional de Administración Pública

O presidente da deputación

Asdo.: Jaime Rodríguez Arana Muñoz

Asdo.: José Luis Torres Colomer

4.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DO CENTRO DE ESTUDIOS LOCAIS DE GALICIA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 19 deputados (15 do PP e 4 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 11 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a urxencia e inclusión na orde do día do presente asunto.

2º.-Aprobar o Convenio de colaboración para a constitución do Centro de Estudos Locais de Galicia, co texto que figura como anexo ó presente acordo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DO CENTRO DE ESTUDIOS LOCAIS DE GALICIA

Santiago de Compostela, 15 de abril de dous mil dous.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, en nome e representación desta Consellería,

O Ilmo. Sr. D. Domingo Bello Janeiro, Director da Escola Galega de Administración Pública, que obra en nome e representación dela,

O Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación da Coruña, que obra en nome e representación dela,

O Ilmo. Sr. D. Francisco Cacharro Pardo, Presidente da Deputación de Lugo, que obra en nome e representación dela,

O Ilmo. Sr. D. José Luis Baltar Pumar, Presidente da Deputación de Ourense, que obra en nome e representación dela,

O Ilmo. Sr. D. Manuel Abeledo López, Presidente da Deputación de Pontevedra, que obra en nome e representación dela,

O Sr. D. José Manuel Pardellas Rivera, Presidente do Colexio Oficial de Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional da Coruña, en representación dos colexios galegos de funcionarios de Administración local con habilitación nacional,

EXPOÑEN

- Primeiro:** Os servicios públicos que se xestionan a través da Administración local son cada vez máis e de maior relevancia para a calidade de vida dos cidadáns, o que xustifica a súa análise exhaustiva desde as perspectivas xurídica, económica e de xestión.
- Segundo:** As peculiaridades da Administración local de Galicia, as sucesivas e profundas modificacións do seu réxime xurídico e económico e as innovacións nas técnicas de xestión pública, son factores a ter en permanente consideración, e merecedoras, polo tanto, dunha continua e detida análise e estudio.
- Terceiro:** O estudio da incidencia normativa da Unión Europea na actividade dos entes locais e das formas de acceso de municipios e provincias ós instrumentos financeiros da Unión Europea constitúen, máis que unha conveniencia circunstancial, unha necesidade estratéxica.
- Cuarto:** Conscientes de tódolos factores xa expostos, o esforzo de formación do persoal ó servicio dos entes locais foi, é e será unha preocupación permanente da EGAP, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, das Deputacións Provinciais e do Colexio Oficial de Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e doutras entidades públicas e privadas. Agora ben, todo o esforzo económico, profesional e intelectual que esta actividade formativa comporta require, para a súa maior eficacia económica e social, dunha canle idónea para a colaboración.
- Quinto:** Tamén cómpre procurar que as cuestións que se refiran á Administración local teñan un vehículo de comunicación estable a través dunha revista especializada para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Sexto:** A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Escola Galega de Administración Pública, e o Colexio Oficial de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional,

asinaron un convenio de colaboración o 1 de xaneiro de 2002, para promover a constitución dun centro de estudos locais.

Sétimo: As deputacións provinciais, conscientes da importancia da formación e outras actuacións relacionadas cos funcionarios de administración local da Comunidade galega apostan pola participación nun proxecto ambicioso e máis amplo do concebido inicialmente no convenio mencionado, e que sen dúbida, verase enriquecido coa presenza das Deputacións provinciais galegas.

En atención a todo o exposto, as partes citadas acordan formalizar o presente convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA: OBXECTO

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Escola Galega de Administración Pública, as Deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, xunto co Colexio Oficial de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, acordan promover a constitución dun Centro de Estudos Locais de Galicia, a través do que, dentro do máis estricto respecto á autonomía que lle corresponde a cada unha das partes intervenientes, aunar os esforzos dirixidos á realización de actividades formativas, así como realizar estudos, iniciativas e publicacións e, en xeral, outras accións de difusión de materias de interese local, nas que a realización de xeito illado resultaría practicamente imposible, ou ben, implicaría unha duplicidade de esforzos ou recursos que, en último caso, cuestionaría seriamente os principios de eficacia e eficiencia na actuación das Administracións públicas.

A constitución deste centro será regulada mediante o correspondente decreto de creación, de conformidade co disposto nos artigos 4.15 e 34.4 da Lei 1/1988 reguladora da Xunta e do seu presidente.

SEGUNDA: OBXECTIVOS E PRINCIPIOS

A actividade que se ha desenvolver no centro de estudos locais de Galicia estará orientada á consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

Un: Procura, dentro do respecto á autonomía de cada unha das partes, aunar os esforzos dirixidos á formación do persoal ó servizo das entidades locais de Galicia.

Dous: Fomenta-lo estudo e a investigación sobre as cuestións peculiares que fan referencia ó réxime xurídico e económico das competencias, servizos e recursos da Administración local galega.

Tres: Estudia-las posibilidades e consecuencias para a Administración local de Galicia que se deriven dos actos, acordos, normas e instrumentos financeiros da Unión Europea e doutras organizacións internacionais, especialmente as que inclúen países de Hispanoamérica.

Catro: Divulga-las novidades máis relevantes, normativas, xurisprudenciais, económicas ou técnicas, que sexan de notorio interese para as entidades locais de Galicia.

Para a consecución dos obxectivos expresados atenderase, en todo caso, ós seguintes principios de actuación:

- 1.-Coordinación mutua, dentro do estricto respecto da autonomía de cada unha das partes asinantes, das actuacións que han desenvolver os destinatarios do presente convenio nas materias ás que se refire o seu obxecto.
- 2.-Atenderase á obtención da maior participación posible doutras institucións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, que persigan obxectivos semellantes.
- 3.-Tódalas actividades que se han desenvolver terán unha orientación multidisciplinar, do maior rigor científico ou técnico, perseguindo sempre a máxima representación de tódalas correntes de opinión relevantes sobre as materias que se han tratar.

NOVAS INCORPORACIÓNS:

Coa finalidade de integrar tódalas entidades e organizacións relacionadas coa formación e as Administracións locais, especialmente universidades, e institucións de interese social ou sen ánimo de lucro, dende o CELGA ofertarase a posibilidade de que estes, ou outras organizacións, se incorporen a el, despois da adhesión a este convenio.

O correspondente acordo de adhesión determinará as achegas que deberán realizar ó CELGA os asinantes, xa sexa en forma de achega económica, ou outro tipo de achegas.

TERCEIRA: RÉXIME XURÍDICO E ECONÓMICO

O Centro de Estudos Locais de Galicia constituirase como centro superior de formación con carácter de órgano de xestión, para a consulta, proposta e programación da formación do persoal ó servizo das Administracións locais de Galicia, integrado na Escola Galega de Administración Pública.

A execución material da xestión e administración da programación do Centro de Estudos Locais de Galicia levarase a cabo a través dos órganos da Escola Galega de Administración Pública, podéndose adecuar estes, despois da proposta dos asinantes, ás necesidades xurdidas polas novas actividades del.

A sede ordinaria do Centro de Estudos Locais de Galicia estará situada na Escola Galega de Administración Pública, sen prexuízo de que poidan reunirse os integrantes do seu Consello Asesor no lugar que, excepcionalmente, determine o presidente do CELGA na convocatoria oportuna.

CUARTA: COMPETENCIAS

A actividade do Centro de Estudos Locais de Galicia dirixirase a procura-la mutua coordinación entre as distintas Administracións e entidades intervenientes para a consecución dos seguintes obxectivos:

- Realización de actividades formativas dirixidas ó persoal ó servizo das Administracións locais galegas, con especial atención a aquelas que, pola amplitude ou especialidade do seu programa, especial complexidade do seu deseño e execución ou relevante transcendencia ou repercusión da acción formativa ou dos seus obxectivos, resulte aconsellable a súa programación dende o ámbito do Centro de Estudos Locais de Galicia.
- Proposta ou realización de estudos, informes, iniciativas e publicacións que resulten de interese, tanto para as entidades locais galegas, como para a Xunta de Galicia no eido local.
- Posta en común, para efectos do recíproco coñecemento, dos programas, iniciativas e actividades, que en materia de formación levan a cabo cada unha das entidades e

Administracións intervinientes, de xeito que se potencie ó máximo a súa eficacia e, ó mesmo tempo, facilítese o acceso a elas do persoal ó que van dirixidas.

Estas actuacións exerceranse sen prexuízo do respecto á capacidade de decisión e autonomía de cada parte.

QUINTA: COMPOSICIÓN E ÓRGANOS DE GOBERNO

O Centro de Estudos Locais de Galicia actuará para o cumprimento dos seus fins a través dun consello asesor, no que estarán representadas as distintas entidades asinantes, de acordo co disposto no decreto de creación do CELGA.

Actuará como secretario deste consello, con voz e sen voto, un funcionario da EGAP.

Para o funcionamento deste Consello Asesor estarase ó disposto no capítulo II, da lei 30/1992, do 26 de novembro, no referente ó funcionamento de órganos colexiados, así como no mencionado decreto de creación; en todo caso establécese o seguinte réxime de convocatoria:

O Consello Asesor reunirse con carácter ordinario dúas veces ó ano, trala convocatoria do seu presidente. Con carácter excepcional poderá reunirse cando o presidente, ou a maioría dos membros do consello asesor, o considere oportuno, despois da convocatoria para o efecto.

As competencias do consello asesor, así como do seu presidente, e do secretario serán as que veñan determinadas no correspondente decreto de creación do Celga.

SEXTA. RÉXIME ECONÓMICO

Para o cumprimento dos seus fins o Centro de Estudos Locais de Galicia disporá dos seguintes recursos económicos:

- a- Achegas das entidades participantes.
- b- As contraprestacións económicas que puidera obter pola prestación das súas actividades.
- c- As contraprestacións económicas que xeren os convenios que puidera subscribir a Escola Galega de Administración Pública, referidos ás actividades do Centro de Estudos Locais de Galicia.

SÉTIMA.- ACHEGAS

Cada unha das partes participantes no Centro de Estudos Locais de Galicia efectuarán as achegas económicas ó devandito, de acordo coas súas disponibilidades orzamentarias, ben con cargo ós seus propios orzamentos, ou ben mediante a realización de actividades formativas en réxime de cofinanciamento, ou finalmente, poderán realizar outras achegas (bens materiais, locais, etc.), sempre que estas achegas obteñan previamente a aprobación do Consello Asesor, que deberá cuantificar o seu valor económico.

Para poder recibirlas achegas de contido puramente económico, serán habilitadas pola Escola Galega de Administración Pública as aplicacións orzamentarias necesarias.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Constitúese unha comisión de seguimento de comprobación puntual, formada por un representante de cada parte asinante, que solucionarán pola vía administrativa as cuestións derivadas da aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse cando as partes o consideren conveniente.

NOVENA. SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

As cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con este convenio e que non se solucionen pola vía administrativa, serán coñecidas pola xurisdicción contencioso-administrativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Á entrada en vigor do presente convenio, a EGAP promoverá os trámites necesarios para a adaptación da súa estrutura orgánica, ó funcionamento do centro que se constituía.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Durante o período de tramitación do decreto de creación e regulación do CELGA, as partes asinantes poderán organizar conxuntamente actividades formativas relacionadas co obxecto do presente convenio, así como as establecidas no convenio asinado inicialmente o 15 de xaneiro de 2002, entre a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a EGAP e o Colexio Oficial de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional da Coruña, en representación dos colexios galegos de funcionarios de Administración local con habilitación nacional,

O financiamento destas actividades, que en todo caso deberán ser realizadas antes do 31 de decembro do 2002, corresponderalle á parte proponente. A convocatoria será realizada pola EGAP, e os títulos e diplomas emitiranse de forma conxunta.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura, e as súas disposicións rexerán por un ano, prorrogándose automaticamente por anualidades cando ningunha das partes manifeste a súa vontade de denunciálo.

E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio por cuadruplicado e para un só efecto, no lugar e data expresados ó comezo.

O conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións
Laborais

O director xral. da Escola
Galega de Administración Pública

Asdo.: Antonio Pillado Montero

Asdo.: Domingo Bello Janeiro

O presidente da Deputación da Coruña

O presidente da Deputación de Lugo

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Francisco Cacharro Pardo

O presidente da Deputación de Ourense

O presidente da Deputación de Pontevedra

Asdo.: José Luis Baltar Pumar

Asdo.: Manuel Abeledo López

O presidente do Colexio Oficial de Funcionarios
de Administración Local

Asdo.: José Manuel Pardellas Rivera

5.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA “PRAZAS PÚBLICAS EN DODRO” DO CONCELLO DE DODRO INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1998. CÓDIGO 98.3400.0396.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1º.-Aprobar o proxecto de determinación da obra Prazas públicas en Dodro do concello de Dodro, incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidades 1998. Código: 98.3400.0396.1.

O proxecto de terminación implica unha diminución no orzamento tal e como se indica, que será detraída integramente da achega da deputación.

	<u>Pendiente de</u> <u>executar</u>	<u>Proxecto</u> <u>terminación</u>	<u>Diferencia</u>
Deputación	60.903,33	60.067,53	835,8

2º.-Dispoñer a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3º.-Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, para que emitan informe ó respecto considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.”

6.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MERCADO MUNICIPAL” DO CONCELLO DE MAZARICOS INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1998. CÓDIGO 98.3400.0453.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Mazaricos relativa á modificación da obra que máis abaixo se indica, incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1998, 4ª fase que foi aprobada o día 30 de abril de 1998.

Aprobar a modificación do proxecto para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestruturas anualidade 1998 no seu conxunto.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento €</u>
98.340.004.530	Mazaricos	Mercado municipal (Recinto feiral polivalente)	240.404,84

O presente acordo queda condicionado á aceptación expresa mediante acordo plenario do concello de Mazaricos da delegación da contratación e execución desta obra, consonte co establecido no apartado tres do acordo plenario desta deputación do 3 de maio de 2002 tocante á aprobación de delegación nos respectivos concellos da contratación e execución dos investimentos incluídos nas anualidades 1997-1998-1999 do Plan 2000 de infraestruturas, do que a contratación lle correspondía inicialmente á deputación e que se encontren pendentes de contratar.”

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA PLURIANUAL “CASA DA CULTURA EN ARCA” PR. DO CONCELLO DO PINO INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADES 1998 E 1999. CÓDIGO 98.3400.0569.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1º.-Aprobar o proxecto de terminación da obra “Casa da Cultura en Arca Pr.” do concello do Pino incluída no Plan 2000 de infraestruturas anualidades 1998 e 1999. Código 98.3400.0569.0, con contrato que foi adxudicado por esta Deputación provincial e posteriormente resolto.

O proxecto de terminación implica un incremento no orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.

	<u>Orzamento 1998 98.3400.0569.1</u>	<u>Orzamento 1999 99.3400.0569.0</u>	<u>Total Proxecto terminación</u>
Deputación	125.838,76	110.886,73	236.725,49
Concello	0	3.649,3	3.649,3
TOTAL	125.838,76	114.536,03	240.374,79

2º.-Dispoñer a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas, considerándose

definitivamente aprobado unha vez transcorrido o mencionado prazo sen que se presentase ningunha alegación.

3º-Remiti-lo expediente á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe ó respecto considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos dez días desde a súa recepción.”

8.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA “PISCINA MUNICIPAL EN SANTIAGO DE LAGO” DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADE 1998. CÓDIGO 98.3400.0706.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Vista a documentación achegada polo Concello de Valdoviño,

1º.-Aprobar o proxecto de terminación da obra “Piscina municipal en Santiago de Lago” do Concello de Valdoviño incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1998. Código 98.3400.0706.0, con contrato adxudicado por esta Deputación provincial e posteriormente resolto e delegar a contratación e execución das obras no propio concello, en aplicación do acordo adoptado por esta Deputación provincial con data do 3 de maio de 2002.

2º.-Anular a obra incluída no Plan 2000 baixas “Obras complementarias á piscina municipal en Santiago de Lago” (código 99.3430.0197.0) por integrarse estas no proxecto de terminación da obra de referencia.

3º.-O proxecto de terminación implica un incremento no orzamento tal e como se indica de 41.253,25 € que repercutirá no Concello de Valdoviño minorando na mesma medida a cantidade a asignar no POS 2003, permanecendo invariable a achega da deputación.

código	Deputación	Deputación outros / Concello	TOTAL PROXECTO TERMINACIÓN
98.3400.0706.1	35.845,08	41.253,25	77.098,33

O financiamento total do proxecto de terminación realizarase con cargo ó saldo disponible na partida de gastos 0501/519Z/76287 do vixente orzamento. Transitoriamente financiarase con cargo á consignación prevista nesta partida para a obra do Concello de Vedra "Casa da cultura San Xulian Pl." código 99.3400.1442.0 cun orzamento de contrata que ascende a 139.194,40 Euros, posto que este proxecto está pendente de modificacións. Unha vez que

se inclúa no próximo expediente de modificación de créditos o importe necesario, poderase contratar e executa-la citada obra do Concello de Vedra.

4º.- Dispoñer a súa publicación no B.O.P. para efectos de que durante 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara alegación algunha.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación local para que emitan informe ó respecto considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días dende a súa recepción.”

9.- APROBACIÓN DO CAMBIO DE OBRAS DO CONCELLO DE ARES DENTRO DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

Para adiantar que o noso voto vai ser favorable á proposta que se trae a comisión e queremos aproveitar esta intervención para felicitar ós responsables políticos dos servizos técnicos da deputación pola axilidade na intervención, evitando, como se pode ver da lectura da consulta do expediente, que con fondos da deputación se chegara a financiar unha obra que xa estaba realizada. Polo tanto queriamos aproveitar para felicitar esa axilidade e esa racionalidade á hora da actuación da deputación.

Sr. presidente

En nome dos funcionarios, moitas grazas por esa felicitación.

ACORDO

Por unanimidade, apróbese o seguinte dictame da Comisión:

“Vista a petición formulada polo Concello de Ares relativa ó cambio de obra a incluír no Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002.

1.-Aprobar a modificación por cambio de obra do Concello de Ares, do Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002, das que as bases foron aprobadas polo Pleno desta deputación o 31 de xaneiro de 2002 e que o texto íntegro foi publicado no BOP núm. 29 do 4 de febreiro de 2002 e modificadas por acordo plenario do 3 de maio de

2002, publicado no BOP núm.103 do 7 de maio de 2002, no sentido de admitir expresamente o sistema de execución por administración.

Os datos da obra do Concello de Ares que se anula e da nova obra que se inclúe son os seguintes:

Obra que se anula			
<i>Concello</i>	<i>Código</i>	<i>Denominación</i>	<i>Orzamento</i>
Ares	02.3810.0003.0	Acđ. de rúas na zona do parque Rosalía de Castro	13.716,71

Obra que se inclúe			
<i>Concello</i>	<i>Código</i>	<i>Denominación</i>	<i>Orzamento</i>
Ares	02.3810.0090.0	Inst. de iluminación pública en Mazaido-camiño de Mourón	13.716,71

Dado que os orzamentos da obra que se anula e da obra que se inclúe son iguais, non varían as cifras globais de financiamento do Plan en relación coas inicialmente aprobadas, que son as seguintes:

Achega provincial	1.185.246,72
Achega municipal	168.522,83
TOTAL	1.353.769,55

Número de Concellos	80
Número de actuacións	89

2º.-Dispoñe-la exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.

02.1100.0017.0	GRUPO 17.- CARBALLO, CERCEDA, LARACHA	253.206,49
02.1100.0018.0	GRUPO 18.- CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO,ZAS	200.718,58
02.1100.0020.0	GRUPO 20.- CARNOTA, CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA, MAZARICOS	154.976,85
02.1100.0021.0	GRUPO 21.- AMES, A BAÑA, NEGREIRA, VAL DO DUBRA	283.975,60
02.1100.0022.0	GRUPO 22.- ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO, VAL DO DUBRA	221.222,61
02.1100.0023.0	GRUPO 23.- MAZARICOS, MUROS, OUTES	129.121,04
02.1100.0024.0	GRUPO 24.- LOUSAME, NOIA	145.331,90
02.1100.0025.0	GRUPO 25.- BRIÓN, DODRO, PADRÓN, ROIS E GRUPO 26.- AMES, SANTIAGO, TEO, VEDRA	117.980,05
02.1100.0027.0	GRUPO 28.- POBRA, PORTO DO SON, RIVEIRA	142.328,90
02.1100.0028.0	GRUPO 35.- E.P. 2904 DE CORISTANCO A SANTA COMBA	99.623,47
02.1100.0029.0	GRUPO 36.- E.P. 3404 DE SERRA DE OUTES A DUMBRIA	26.793,02
TOTAL.....	3.508.480,77	

2) Aprobar as obras que de seguido se relacionan como supletorias e que se financiarán con cargo ás baixas que se produzan na adxudicación do Plan e que se incluírán na 2ª fase.

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
02.1100.0001.0	GRUPO 1.- ORTIGUEIRA	198.377,10
02.1100.0002.0	GRUPO 2.- MAÑÓN, AS PONTES	133.245,05
02.1100.0015.0	GRUPO 15.- ARZÚA, BOQUEIXÓN, O PINO, TOURO	117.171,89
02.1100.0016.0	GRUPO 16.- ARTEIXO, A CORUÑA, CULLEREDO	214.615,18
02.1100.0019.0	GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, VIMIANZO	83.375,48
02.1100.0026.0	GRUPO 27.- BOIRO, RIANXO	108.559,9
TOTAL.....	855.344,60	
.....		

3)Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido este sen que se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

12.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DA XUSTIFICACIÓN DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS DA PROVINCIA.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

É para intervir anunciando o voto de abstención do noso grupo no que foi todo o proceso do Plan de infraestructuras de pequenas obras e subministracións da provincia, o Plan XXI, e en todo caso no tema que nos ocupa que é a ampliación do prazo para xustificar a execución das obras. Insistir, unha vez máis, que nesta deputación planifícase moito pero ó final non tendo en conta a realidade que plan tras plan se nos presenta, de ter que facer modificacións porque a execución é difícil de facela nos prazos que se marcan, nos outros entendemos que debe de levar a unha reflexión por parte do goberno provincial para que nos futuros plans se corrixan estes temas. Fundamentalmente, non porque efectivamente, cara a este plan e cara ás obras que se presentaron, pode ser con ampliación do prazo a posibilidade de introducilas, senón tamén porque entendemos que o prazo que se aprobou nas bases era tan exigüo que posiblemente fixera que determinados concellos renunciaran a facer propostas, ou ben mesmo a introducir uns investimentos que non eran precisamente os que máis interesaran.

Polo tanto, e pedindo que para outros plans medite moito máis o que son os prazos de xustificación de execución, en todo caso manter a posición de abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Emitidos os informes pertinentes polo Servicio de Fomento, Secretaría Xeral e Intervención provincial.

Analizadas as circunstancias que concorren no desenvolvemento e execución do Plan XXI de pequenas obras e subministracións na provincia da Coruña, e máis concretamente considerado o ritmo de execución dos investimentos incorporados a este nas dúas reclamacións do Plan aprobados ata a data:

1º.-Ampliar o prazo de xustificación da execución dos referidos investimentos perante a Deputación provincial, ó abeiro da habilitación que para tal efecto realiza a base oitava da convocatoria do plan aprobado polo Pleno corporativo en sesión do 16 de maio de 2001, e polo artigo 49 da Lei 13/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O novo prazo no que os concellos deberán xustificar a execución das obras perante a deputación rematará o próximo 30 de novembro de 2002.

2º.-Publicar a modificación das bases do Plan contida no presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

13.- CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á REAL ACADEMIA GALEGA.

INTERVENCIONES

Sr. presidente

Neste punto hai un voto particular do BNG que vai defender a Sra. Santiago, que procederemos tamén despois á súa votación, á parte da votación do punto.

Sra. Santiago López

A emisión deste voto particular por parte do noso grupo, vén dada en principio atendendo a esa chamada á sensatez que fai o informe de Secretaría, un informe que clarifica e apoia moito as visións que desde o noso grupo había respecto ás achegas económicas que se fan, neste caso a Real Academia Galega, como noutras ocasións aconteceu con outras institucións.

En argumentacións anteriores, nosoutros manifestamos que, se ben nos parecía correcto participar economicamente en institucións de tal importancia, si que non nos parecía tanto que estas achegas foran adicadas na maioría das ocasións ós gastos ordinarios, gastos de funcionamento ordinario.

Neste caso o secretario advertía que se perdeu unha oportunidade importantísima para que estas institucións tivesen unha facilidade de funcionamento *per se* como institución necesaria dentro do panorama cultural galego, a través da súa aparición dentro do que son os textos do estatuto de autonomía, como ocorre noutras comunidades autónomas. Por iso facemos este intento de reconducir esta situación, que nos parece ademais apoiar a pervivencia desta institución e permitirlle que as achegas que poidan aparecer a maiores nesas subvencións gratificables que conceden as Administracións, ou mesmo noutras achegas, poderían ser dedicadas a proxectos doutro tipo. Neste voto particular en concreto o que se pretende é que esta deputación conxuntamente coas outras deputacións, a de Lugo, Ourense, Pontevedra e a Xunta de Galicia, comencen a traballar nun estudo de financiamento para esta Real Academia. Neste período transitorio en que esta proposta poida saír adiante, nosoutros suxerimos que a consignación orzamentaria primitiva que viña recollida nos orzamentos, mantéñase, é dicir, esa cantidade inicial, para que non haxa unha situación de baleiro.

Enténdase esta proposta como unha proposta en positivo, obviamente, queremos que a saúde económica da Real Academia Galega quede garantida cunha actuación deste tipo, e non, en ningún caso, trátase dunha carga de profundidade para a colaboración desta deputación, moi ó contrario, trátase de intentar viabilizar que a Real Academia teña unha posibilidade de saneamento económico de raíz.

Sr. Fernández Moreda

En teoría tería que fixar o grupo de goberno a súa posición con respecto ó voto particular, pero ben, mesturamos as intervencións e non pasa nada.

Nosoutros imos votar a favor da proposta que está enunciada no punto número 13, de concesión de subvención nominativa á Real Academia de Galicia, e imos votar en contra

do voto particular do Bloque Nacionalista Galego porque non entendemos o obxectivo deste voto particular. Eu creo lembrar que esta subvención nominativa existe no orzamento da deputación como consecuencia dunha convocatoria do presidente da Real Academia da Lingua, o doutor Domingo García Sabell, e o secretario por aquel entón, non sei se agora segue a ser o secretario, pero é un membro da Academia, don Constantino García, ós catro presidentes de deputación, e ós catro presidentes de deputación lles expuxo a situación financeira que tiña a Real Academia, e materializouse nun convenio que se asinou coas deputacións para que estas, tódolos anos, nos seus orzamentos, aprobasen unha cantidade destinada a manter o funcionamento da Real Academia da Lingua de Galicia. Polo tanto, esta subvención nominativa que figura no orzamento da deputación vén orixinada por unha reunión previa que houbo entre a Real Academia e as catro deputacións, para financiar, e nestes momentos a deputación materializa ese acordo como o materializou en anos anteriores, orzando unha cantidade, eu creo que por aquel entón eran 3 ou 4 millóns de pesetas, non lembro cánto era, agora son 6, iría evolucionando co tempo e non entendemos cómo ten que ser a deputación a que se dirixa á Real Academia de Galicia, á Xunta de Galicia e ás outras deputacións para resolver os problemas orzamentarios, de funcionamento ou de calquera outro tipo que teña a Real Academia da Lingua, se a Real Academia da Lingua de Galicia ten problemas, que se dirixa, como se dirixiu noutros momentos ás institucións, formule os seus problemas e búsquense solucións en común, pero non nos parece adecuado que nosoutros, sen presupor nada, digámoslle á Real Academia, “oia, vostede monte unha reunión e trate estes temas”, xa saben eles o que teñen que facer, noutras circunstancias fixérono, e supoño que se teñen a necesidade farano e a deputación, ó menos cónstame que a Deputación da Coruña, acudiría gustosa a esa invitación da Real Academia Galega, como acudiu gustosa noutra ocasión cando foi convocada para tratar estes temas.

Polo tanto, non ten moito senso aprobar un voto particular, ó noso xuízo, onde se propón facer algo que xa se fixo e proponse, a instancias da Real Academia, onde se propón solicitar á Real Academia que sexamos nosoutros os que lle digamos á Real Academia que nos convoque, e que di por outra parte que se manteña a subvención nominativa. O que se está proponendo neste voto particular é que se dea esa subvención nominativa, e isto, que é o máis importante, dáse co punto número 13 se o aprobamos.

Polo tanto, o noso voto, non é que esteamos en contra de axudar á Real Academia de Galicia, é que non entendemos que o proceso teña que ser ó contrario, deben de ser eles os que chamen á deputación e a deputación acudir, e entre tanto, a deputación segue a cumprir co seu compromiso de orzar unha cantidade de axuda nos seus orzamentos á Academia, e neste momento o que estamos facendo é autorizando ós órganos competentes da deputación para que fagan efectiva esa axuda que xa se aprobou no orzamento deste ano. Máis nada e moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Varela Rey

Para manifestar que coincidimos plenamente coa visión e co detalle que relatou o voceiro do PSdeGa. Coincidimos plenamente no senso de que a deputación o que está é respondendo a unha solicitude da Real Academia, que entendemos que é o que debemos facer e, polo tanto, imos votar en contra tamén dese voto particular, e tamén estou seguro de que a deputación moi gustosa estaría encantada de que as axudas que foran a través, non soamente do ámbito particular, senón que houbera grupos, e que as deputacións se incorporaran, e mesmo a Xunta, pero lóxicamente non parece propicio que parta a iniciativa da deputación. Moitas gracias.

Sra. Santiago López

En principio teño a impresión de que ningunha das súas intervencións me quita a razón, a nosa intención principal é que a Real Academia galega poida ter unha suficiencia económica que lle permita desenvolver o seu traballo. Como fose a xénese desta colaboración das catro deputacións coa Real Academia Galega, o fin, case case parece unha perversión querer eludir cól é a realidade desa chamada de atención que no seu momento fixo a Academia, e é a insuficiencia económica, non é outra que garantir a súa propia supervivencia como institución, fundamental para o desenvolvemento cultural do noso país. De aí a suxestión que nosoutros facemos de intentar retomar e reconducir esta situación para non ter que estar concedendo unha subvención graciosa, e unha subvención graciosa é algo que hoxe existe e mañá non; queremos que a propia Real Academia teña unha cantidade orzamentaria que lle permita poder seguir traballando sen ter esas achegas económicas graciabes, que nun momento dado poden desaparecer.

Por outra parte, que sigamos insistindo en que a subvención deste ano lle sexa concedida, non é, ó noso xuízo, non nos parece un asunto desatinado nin que teña contradicción co punto que se trae dentro da orde do día, ó contrario, nosoutros o que queremos é que a subvención desapareza no momento en que o convenio estea asinado, ou no momento en que ese outro financiamento teña unha garantía de existir, queremos que exista este ano porque senón, a pervivencia da Real Academia non quedaría garantida, non queremos que apareza un baleiro económico que lles impida seguir desenvolvendo o seu traballo, e ese era o porqué desa proposta que aparecía dentro do voto particular.

A outra parte si que nos parecía máis fundamental, que a suficiencia económica queda garantida, pero non para este ano, senón para sempre, e que a Real Academia poida funcionar cunha independencia total e absoluta. Que no seu momento a Real Academia se dirixira ás catro deputacións case case nos dá a razón na nosa formulación, non nola quita, ó contrario.

Sr. Fernández Moreda

Sra. Santiago, creo que estamos falando todos do mesmo. Imos ver, se hai un convenio, primeiro, a min non me parece razoable que sexa a deputación quen se dirixa a outra institución para lle dicir, “se ten vostede problemas financeiros, ou problemas dalgún tipo, reúnanos...”, oia, por que imos presupoñer que teñen problemas financeiros, se teñen problemas financeiros será a institución que ten problemas financeiros quen ten que chamar a outras institucións, e sentarse, e chegar a acordos, e digo eu, non formo parte do equipo de goberno pero digo eu que non habería ningún inconveniente, penso, por parte da deputación, en sentarse a dialogar como non houbo ningún inconveniente, penso, por parte da deputación, en sentarse a dialogar como non houbo ningún inconveniente noutras circunstancias, ou noutras situacións, cando foi chamada, en acudir e chegar a acordos. Pero o que vostede propón é contradictorio, proque se se chegase a un acordo, se fixese iso dunha maneira ou doutra, se chega a un acordo, se ten que materializar no orzamento da deputación tódolos anos, e tódolos anos habería unha subvención nominativa, como hai agora, podería ser máis ou podería ser menos, pero como hai agora, e tódolos anos teríamos que facer un acto nun pleno da deputación para facer o que estamos facendo agora, liberar os fondos para lle dar á Real Academia Galega a cantidade que está orzada no orzamento da deputación, entón eu creo que isto é unha redundancia que non leva a ningures, é dicir, imos liberar eses fondos, imos autorizar a que se pague esa subvención nominativa, e logo non sexamos imprudentes nin impertinentes, se ten problemas, a Real Academia que se dirixa a quen teña que dirixirse, e quen teña a responsabilidade de aceptar a invitación, que a acepte ou que non a acepte, pero eu creo que non é, desde o meu punto de vista, e ó mellor me paso, e estou un pouco chapado á antiga, non é moi pertinente dirixirnos a uns señores dicindo, faga vostede isto, son señores maiores, cabales, adultos, e cunha sólida formación, e saberán o que teñen que facer, e desde logo creo que compartimos todo de que a Real Academia é unha institución fundamental na constitución de Galicia e na configuración de Galicia, e que tódalas institucións teñen , desde o meu punto de vista, ó menos a obriga de contribuír ó seu sustento, pero que sexan eles os que o formulen.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Entendería a posición da deputada se a deputada falara en representación da Real Academia, claro, pero imaxínese que nosoutros tomamos esta iniciativa e que desde a Real Academia nos digan, a competencia, a autonomía é nosa, déixenos a nosoutros facer o que creamos oportuno, se queremos pedir ás demais deputacións, nosoutros faremos a petición, pero por que razón a deputación vai tomar unha competencia que, ó mellor, pódelle parecer ben ou non. A deputación responde á chamada da Real Academia, eu creo que esa debe ser

a nosa función, e respondemos ademais encantados tódolos grupos porque ese parece o sentir de aquí.

Sr. presidente

Case profundar un pouquiño máis no que dixo o voceiro do grupo socialista e o voceiro popular no senso de que nosoutros non debemos de impor a ninguén o que eles deben solicitar, se o cren conveniente. Eu o que lle podó dicir, Sra. deputada, é que desde que eu estou aquí, e vai haber tres anos, o presidente da Real Academia e o seu equipo directivo veñen tódolos anos a me visitar, e a exporme a súas inquedanzas, os seus problemas económicos, e son atendidos na medida en que podemos; isto tampouco non é unha subvención graciosa, como dicía vostede, é unha subvención derivada dun convenio institucional, e ten que observar vostede que este ano é superior á do ano anterior, se non se fixou, por unha petición do presidente da Real Academia ó presidente actual. Se eles me fan a proposta de que se pode instar á Xunta de Galicia ou ás demais deputacións para instar, el ínstanos a nosoutros e nosoutros estaríamos de acordo, pois podía dicir que si, neste mesmo pleno acabamos de aprobar unha colaboración completa por ese Centro de Estudos Locais de Galicia entre a Xunta de Galicia, a EGAP e as catro deputacións, acabámola de aprobar, nosoutros estaríamos abertos, pero claro, esa solicitude ten que partir deles, entendo que se non o fan así, as cousas deben de funcionar relativamente ben. Polo tanto, nosoutros estamos abertos a apoiar esa Real Academia Galega como estamos facendo, pero non queremos impor nada que ó mellor non sexa do seu gusto.

A seguir procédese a votar o voto particular presentado polo BNG.

VOTACIÓN

Votan a favor: 4 deputados (BNG)

Votan en contra: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Abstéñense: ningún deputado

Sométese a votación o dictame da comisión:

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega por importe de 36.060 €destinada ó financiamento dos seus gastos de funcionamento durante o ano 2002.”

Sométese a votación a ratificación da inclusión dos puntos 14 e 15 na orde do día, aprobándose por unanimidade.

14.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: TOMA DE COÑECEMENTO DO FALECIMENTO DO DEPUTADO PROVINCIAL DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS: CONSTATAÇÃO E DECLARACIÓN DA VACANTE.

INTERVENCIONES

Sr. López Sueiro

Ó longo destas últimas cinco lexislaturas tiven a honra de formar parte das distintas corporacións, e aínda que nun espazo curto de tempo en política, síntome fachendoso de ter participado nela. Cinco lexislaturas nas cales tamén pasaron por esta deputación cinco presidentes, cinco presidentes e a min correspondeume tamén participar en dúas etapas destas cinco lexislaturas. Unha das etapas foi na oposición trece anos, máis ou menos, e seis anos no goberno, as dúas etapas foron importantes na miña vida política, pero tamén atractiva, aínda que unha máis ca outra, por suposto.

De tódalas formas, aproveitando esta ocasión que me dá, Sr. presidente, quería agradecer enormemente a todo o funcionariado desta deputación, desde a máis alta categoría á última, porque en calquera das dúas etapas facilitáronme o desenvolvemento político como corresponde a un deputado provincial.

Quero pedirilles perdón tamén a todos eles por se nalgunha das ocasións non estiveren á altura que eles pretendían.

Tamén a tódolos políticos e políticas, ás mulleres que, desde logo, nestas cinco lexislaturas só pasaron seis por este Parlamento, e creo que é bo que, no sucesivo, se nos distinguimos algo foi por machistas, e a min a verdade que o de machista non me gusta demasiado.

Entón, tamén quero pedirilles perdón a eles por se nalgunha ocasión non souben estar á altura das circunstancias, e como poden comprender tódolos Sres. deputados e deputadas

nestes 19 anos creáronse vínculos de amizade e van seguir, porque son moi fortes que sexan as circunstancias que neste momento, por causas familiares, teño que renunciar á acta de deputado, espero continuar visitando esta casa, que é a casa de toda a provincia, e verémonos con asiduidade, como o viña facendo, pero non con este compromiso.

Quero, unha vez máis, pedir perdón a todos e todas, por se nalgún momento non souben estar á altura que eles desexaban, e desexar sorte a todos e supoño que no vindeiro pleno outro compañeiro, un gran alcalde, tamén tomará posesión, e fará as mesmas funcións igual ou mellor ca min. Moitísimas gracias, Sr. presidente, e desexarlle sorte a todos. Queda o Sr. Lagares tamén que no mesmo día tomamos posesión os dous e paréceme que somos os únicos..., e ben, a verdade é que nestas cinco lexislaturas para o Sr. Lagares e eu foron ininterrompidas; o Sr. Blanco, tamén, desde logo, ten a súa carreira, un maratón moi bo para poder mencionalo.

Non quero prolongar máis esta intervención, e dar as gracias a todos polo que me deron durante todos estes anos.

Moitísimas gracias.

(Aplausos)

Sr. presidente

Gracias, Sr. López Sueiro polas súas palabras. De verdade que sentimos que se nos vaia un dos veteranos desta cámara, gracias polo seu traballo ó longo de tantos anos en favor de toda a provincia da Coruña, e teño que dicir que foi un gran compañeiro, un compañeiro máis, independentemente de ideoloxías un compañeiro dos bos, e que agradecemos ese traballo e ese labor que fixo constantemente durante estas lexislaturas. Por suposto, como é obvio, terá as portas desta casa abertas plenamente a vostede.

E tamén, como non, unha lembranza ó amigo José Mosquera, tamén.

Sr. Rodríguez Doval

Tiñamos pensado facer esta intervención aínda que o presidente fixo xa esta mención, en todo caso si queriamos que quedara a nosa constancia tanto á familia, como á familia política do conxunto do grupo provincial do Partido Popular, polo falecemento do compañeiro de Corporación, e a nosa consideración, tamén pola súa amizade e polo seu traballo que tivemos a sorte de poder facer conxuntamente ata que se produciu a noticia do seu pasamento.

E tamén aproveitar o punto número 15 para amosar a nosa amizade permanente, por máis de que, efectivamente, non continúe aquí o compañeiro Xelo, e tamén, en fin, que levamos tamén bastante tempo, pola nosa parte perdoámoslle, aínda que non temos nada que perdoarlle, pero pediu tanto perdón que xa parece que...; supoño que non será un aviso a navegantes o de Lagares, pero ben, en calquera caso, en fin, estamos moi gratos de todo ese traballo que puidemos facer conxuntamente e desexarlle que os problemas que ten agora que resolver, que tamén se poidan resolver neste senso máis positivo.

Máis nada.

Sr. Fernández Moreda

Para facer tamén nosas, do grupo socialista, as palabras de condolencia e de afecto que vostede expresou polo falecemento do deputado José Mosquera Maceiras, e que neste senso quede tamén recollida na acta.

E tocante á renuncia do Sr. depuado, don Ángel López Sueiro, di o tango, di a canción, que 20 anos non son nada, pero 20 anos é un cuarto da vida dunha persoa, e Ángel López Sueiro, Ángel, dedicoulle 20 anos da súa vida a esta institución, e hoxe vaise, vaise por motivos familiares e ten que deixar a deputación. Eu quero tamén que conste, en nome propio, por suposto falo en nome do meu grupo, pero tamén en nome propio, o agradecemento pola colaboración que tivo co grupo socialista durante estes anos, e coa colaboración que tivo comigo como persoa durante estes anos, e que aínda que os 20 anos do tango, a canción fala dos 20 anos, creo que tamén fala das sens prateadas, eu creo que lle entrou -non sei se é o mesmo tango, pero é outro tango, é o mesmo, “Volver, volver”-, pois el entrou co pelo negro e hoxe sae coas sens prateadas. Eu agardo que o Sr. Lagares, que aínda se conserva ben e non ten as sens prateadas, aguante aquí ata que lle prateen as sens.

Máis nada, moitas gracias, quería facer esta referencia para que constase en acta, do agradecemento persoal noso.

Sr. presidente

Ou sexa, que non hai aviso ós navegantes de momento.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“1.-Constatar o falecemento do deputado provincial D. José Mosquera Maceiras.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/85, do 19 de xuño do réxime electoral xeral.”

15.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA: TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO DEPUTADO PROVINCIAL DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO: TOMA DE COÑECEMENTO E DECLARACIÓN DE VACANTE.

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ó seu cargo polo deputado provincial Sr. Angel López Sueiro.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución prevista no artigo 208 da lei 5/85, do 19 de xuño do réxime electoral xeral.”

**ACTUACIÓN DE CONTROL
ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. presidente

Hai unha pregunta do Sr. deputado don Odón Casimiro Cobas García, que se me acaba de presentar esta mañá sobre investimento nos campos da provincia, polo tanto informáremolo por escrito, se lle parece oportuno, acábase de presentar esta mañá e non deu tempo a conseguir os datos suficientes.

Logo hai unha pregunta da Sra. Margarida Vázquez Veras relativo ó estadio de atletismo do INEF.

Sra. Vázquez Veras

A pregunta respecto da remodelación do estadio de atletismo do INEF, foi tratada nun pleno anterior, en concreto o 28 de setembro do ano pasado, para ver se pensara acometer a remodelación do estadio no convenio que estaban naquel momento en vixencia,

entre a Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte, en concreto, e a Deputación da Coruña. Ben, a resposta do presidente da deputación naquel momento foi que, aínda que esa remodelación tiña un proxecto, e constaba nos anexos ó convenio, non se puido efectuar porque non houbo baixas suficientes na contratación como para poder acometer as obras, pero que se teña en mente na sinatura do vindeiro convenio.

Tamén por unha pregunta, iniciativa do grupo parlamentario do BNG, a Secretaría Xeral para o Deporte confirmounos por escrito que tiña intención de introducir este ano na sinatura do novo convenio, a remodelación do estadio do INEF. Polo tanto, a pregunta, e dado que esta é unha vella reivindicación do atletismo coruñés, posto que non ten ningunha instalación en uso, ou cando menos, que se poida utilizar de boa maneira en toda a comarca da Coruña, é se a deputación vai formular a introducción deste proxecto no novo convenio, se xa se teñen adiantadas as negociacións e, polo tanto, se xa se pode dar algunha nova máis respecto do financiamento e do reparto dese financiamento entre estas dúas institucións.

Sr. presidente

Informalo de que, independentemente das negociacións da posible transferencia do INEF á Universidade da Coruña, vostede ben sabe que, creo que foi no último pleno, aprobamos unha modificación de crédito onde se incluía unha partida importante para o convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte, se mal non me lembro creo que eran 375 millóns de pesetas, e polo tanto, agora hai que asinar ese convenio, ten que empezar a traballar a comisión paritaria que hai de Xunta e deputación, e por suposto, se esa comisión paritaria na súa proposta inclúe entre tódalas melloras, as reformas nestas pistas de atletismo, por suposto que o aprobará este pleno no seu momento.

Hai unha seguinte pregunta, neste caso da deputada dona Pilar Candocia Pita, que é referente á calzada de Sar.

Sra. Candocia Pita

A pregunta que teño metida refírese ó vial que vai de Carme de Abaixo a Figueiras, que é o acceso ó monte de Pedroso, esa é a pregunta que tiña metida eu agora, non sei se esoutra...

Sr. presidente

Perdón, eu a que teño aquí é da calzada do Sar, entrou no Rexistro o 28 de maio de 2002, igual houbo un lapso para que entrara polo portelo de Rexistro.

Sra. Candocia Pita

Pois ben esta era respecto do vial que vai de Carme de Abaixo a Figueiras no monte de Pedroso, e no seu momento, cando se fixeron esas obras, os técnicos do concello e os técnicos municipais, presentaron unha emenda para que contase esta obra cunha beirarrúa que permitise garantir a seguridade ó acceso peonil, bicicletas, que xera este vial. O monte de Pedroso é unha área de espaxamento común entre os composteláns, utilízase tamén como zona deportiva, polo que entendemos que é unha obra moi necesaria e, sobre todo, que ten moito que ver coa seguridade vial dos peóns. Por este motivo facemos tres preguntas, e son por que non se executou esta obra de beirarrúas; se foi tomada en conta esta emenda ós técnicos municipais incluídas nalgún plano da deputación, e cando esta prevista a execución desta obra.

(Abandona o salón o Sr. Fernández Moreda).

Pediamos tamén que a resposta, a poder ser, fose por escrito, aínda que se dera aquí indistintamente.

E unha mención a unha pregunta que veño reiterando case desde que tomei a acta da deputada nesta lexislatura, que é respecto dunha obra no concello de Ames, dunha obra do Club de Piragüismo Ribeiras do Tambre, que supoño que que tódolos deputados e deputadas estamos aburridos de oír falar desta obra, eu creo que é xa un caso grave que, dalgún modo, deixa á deputación nunha mala situación que unha obra estea paralizada durante tanto tempo e non se lle dea unha resolución, eu creo que que a estas alturas xa hai unha responsabilidade política sobre que non se acabe de resolver o problema desta obra.

Para recordarlle a todos e tódalas deputadas, era unha obra que a empresa crebara no seu momento, despois buscouse unha solución e quitouse unha nova contrata que, finalmente, quedou deserta, e agora a estas alturas non sabemos en que circunstancias está esa obra, nin que se pensa facer con iso. Tamén queremos saber cales son os motivos polos que esa obra quedou deserta, esa licitación, e entón é unha pregunta que reitero, porque creo que xa desde o ano 99, creo que aínda vén de atrás, que unha obra que leve unha empresa, que non se lle dea solución, desde logo, pon en moi mal posto a esta deputación e ademais non resolve un problema que é un problema aquí que resolver, porque é un club de piragüismo que funciona, e funciona ben, e non teñen onde ter as cousas, ó final xa chegaron mesmo a arranxos verbais. É unha situación un pouco lamentable, e pedimos que se busque unha solución de partida xa.

E o do vial da calzada do Sar que xa está tamén a pregunta por escrito, e que eu agora mesmo, de memoria, non lembro, pero creo que era unha proposta, era unha proposta máis ca unha pregunta. E máis nada, gracias.

Sr. presidente

Eu entendo que é unha pregunta, son dúas preguntas ademais: ¿ten a deputación incluída esta obra nalgún plan?, ¿cando solicitará e executará a obra?, que entrou no rexistro, volvo repetir, o 8 de maio de 2002.

Empezando por esta, o que teño que dicir é que esta era unha obra do Plan de arquitectura popular, está nun plan, que houbo a solicitude aquí, se mal non me recordo, no ano 1999, e o que pasa é que o proxecto que se presentou, a solicitude, era por 34 millóns de pesetas, cando o tope máximo dese plan era de 10 millóns de pesetas, entón o concello tivo que adaptar o proxecto, ou parte do proxecto a eses 10 millóns de pesetas, presentouse, foi aprobado a finais, creo que foi en novembro do ano pasado, pola Comisión de Patrimonio, houbo que converter ese proxecto a euros, como é lóxico e esperemos que neste vindeiro mes, ou o que vén, en xullo, estea aprobado xa por este Pleno, por esta Corporación para licitalo inmediatamente.

Referente ás outras preguntas, que non as tiña aquí, pero contestareille ou informareino máis profundamente despois, a que vai á parroquia de Figueiras, que a coñezo perfectamente, e que vai ó monte de Pedroso, unha estrada, que como ben di vostede, que está moi frecuentada por xente que vai pasear a pé, ou a facer footing e pasea en bicicleta por alí, á parte de que é un monte que eu creo que ten o seu interese paisaxístico e forestal tamén.

E a última é a de piragüismo de Ames, eu creo que esta deputación está facendo o posible e imposible para que esa obra se contrate, se non temos sorte coas publicidades, ou coas licitacións e contratacións, non é culpa nosa, pero ben, insistiremos, adaptaremos o proxecto o mellor posible, para que poidamos terminar dunha vez. Eu o que lle podo dicir dunha das cousas, ou dos temas que teñen predilección para este equipo de goberno, é poder en todas esas obras que dalgunha forma tiveron algún problema, por un senso ou outro, do Plan 2000, é terminalas todas canto antes, que creo que é un reto e unha responsabilidade nosa.

Sr. Porto Serantes

Eu pídolle desculpas por non presentar a pregunta por escrito, pero estou seguro que vai ter a mente fresca para poder contestarme a unha cuestión entre outras cousas porque xa presentei unha vez unha pregunta nunha sesión anterior, facilitóuseme todo tipo de documentación, a resposta foi áxil e rápida por parte desta Presidencia, a posteriori presentei un rogo coa mesma cuestión, e agora xa case vou ter que presentar unha súplica porque xa non sei que máis se pode facer.

Mantivemos ademais varias entrevistas, había un compromiso firme, e estou falando do que sucedía o 28 de novembro do ano 2000, se mal non lembro, que a causa duns temporais se producía o derrubamento do teito do pavillón polideportivo de Ponte de Porto en Camariñas, unha obra ademais que non estaba entregada, e que independentemente das responsabilidades, que se depurarán a posteriori, pediríalle a vostede e ó grupo de goberno, que axilizara o máximo posible para non seguir castigando ós nenos e nenas de Ponte do Porto de Camariñas. E eu creo, sinceramente, que esa obra, esa situación, un ano e sete meses despois, en que ese pavillón xa non está na mesma situación porque mesmo hai dous días presentaba unha denuncia a empresa constructora porque desaparecían do interior dese pavillón polideportivo griferías, cableados, etc., etc., creo, primeiro que é un motivo de vergoña para o grupo de goberno, porque temos castigado a un concello un ano e sete meses por algo no que, desde logo, eles non teñen a responsabilidade. Polo tanto, faltou a resposta desta deputación, desta corporación, deste goberno, e desde logo é motivo de indignación de tódolos habitantes do concello de Camariñas. Ademais creo que aí había un compromiso de que o proxecto ía vir hoxe a este pleno, a miña sorpresa é cando non viu que se producira iso.

Sr. presidente

Eu creo que o concello de Camariñas, non pode ter queixa ningunha das atencións desta institución cara a ese concello, en tódolos sentidos, en obras do POL, no apoio pleno, como é lóxico, á Mostra de encaixe de Camariñas, e outros temas importantes, e polo tanto, nese tema, é que hai temas que son delicados ás veces, hai unha obra á que lle caeron as paredes cun temporal, a responsabilidade é da empresa, é un conflito que hai aí legal forte, o noso Servicio de Arquitectura e o noso servizo xurídico están traballando profundamente nese tema, e desde logo, esperamos resolvelo canto antes, e esa é a nosa vontade, ben o sabe vostede, se o concello de Camariñas se é de verdade o que saía na prensa, que quería abordar as obras, está no seu dereito, pero nosoutros, desde logo, a nosa vontade é finiquitar ese problema e terminar ese polideportivo canto antes. E creo, volvo a insistir, eu creo que non pode haber indignación do concello de Camariñas con esta institución, que creo que claramente hai un apoio a ese concello como a tódolos concellos, pero ese apoio a ese concello creo que é algo especial.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.